



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

ANUNCIO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A COBERTURA POR OPOSICIÓN, EN QUENDA LIBRE, DUNHA PRAZA VACANTE DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A, PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA

DATA DE PUBLICACIÓN: 05/01/2026

DESESTIMACIÓN DA ALEGACIÓN PRESENTADA EN RELACIÓN AO PRIMEIRO EXERCICIO (CUESTIONARIO TIPO TEST).

De conformidade coas bases que rexen o procedemento e o acordado polo Tribunal Cualificador na sesión celebrada o día 02/01/2026, faise público que o citado órgano adoptou o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

DESESTIMACIÓN DA ALEGACIÓN PRESENTADA EN RELACIÓN AO PRIMEIRO EXERCICIO (CUESTIONARIO TIPO TEST).

Vista a alegación presentada por unha das persoas aspirantes ao primeiro exercicio, cuestionario tipo test (RXE núm. 202599900001580 do 19/12/2025).

Visto que respecto a citada alegación o Tribunal ten feito as seguintes consideracións:

1ª.- Que a alegación ten sido presentada en prazo.

2ª.- Que a alegación refírese á pregunta 55, a cal foi formulada nos seguintes termos:

“55- No concello de Malpica estase tramitando un Plan Especial de infraestruturas de dotacións para implantar unha residencia de maiores no solo rústico e cuxo ámbito afecta á zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre. Durante a súa tramitación solicitarase informe sectorial á Administración do Estado pola súa afección ao litoral:

- a) Antes da aprobación inicial e antes da aprobación definitiva*
- b) Antes da aprobación inicial e antes da aprobación provisional*
- c) Despois da aprobación inicial e antes da aprobación provisional”*

3ª.- Que no cadro provisional de respostas sinalouse que a correcta era a letra “a)”, “Antes da aprobación inicial e antes da aprobación definitiva”.

4ª.- Que alegación tras reproducir o art. 75 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, conclúe que “se entende que a solicitude dos informes sectoriais sobre a afección ao DPMT e POSTERIOR Á APROBACIÓN INICIAL E ANTERIOR Á APROBACIÓN PROVISIONAL, CO CAL A RESPONSA CORRECTA SERÍA A OPCIÓN C”.

5ª.- Que a normativa que resulta de aplicación á pregunta formulada é a que segue (correspondéndose, ademais, o seu contido co tema 10 e tema 29, das materias específicas do temario):

a) Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, art. 117, cita en extracto:

“1. Na tramitación de todo planeamento territorial e urbanístico que ordene o litoral, o órgano competente, para a súa aprobación inicial, deberá enviar, con anterioridade á devandita aprobación, o contido do proxecto correspondente á Administración do Estado para que esta emita, no prazo dun mes, informe comprensivo das suxestións e observacións que estime convenientes.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

2. *Concluída a tramitación do plan ou normas de que se trate e inmediatamente antes da aprobación definitiva.../”.*

b) O Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, artigo 227, cita en extracto:

“Tramitación do plan territorial e urbanístico que ordene o litoral.

1. Na tramitación de todo planeamento territorial e urbanístico que ordene o litoral, o órgano competente, para a súa aprobación inicial, deberá enviar, con anterioridade á devandita aprobación, o contido do proxecto correspondente á Administración Xeral do Estado para que esta emita, no prazo dun mes, informe comprensivo das suxestións e observacións que estime convenientes.

2. Concluída a tramitación do plan ou normas de que se trate, e inmediatamente antes da aprobación definitiva, a Administración competente dará traslado á Administración Xeral do Estado do contido daquel para que no prazo de dous meses pronúnciese sobre o mesmo.../”

c) O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, anexo II, táboa 2, na que se di:

“Con carácter previo á aprobación inicial do instrumento de planeamento (momento da solicitude). Administración do Estado (ámbito da administración da solicitude). Cando no ámbito existan costas (condición que esixe o informe). Artigo 117.1 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas (norma que esixe o informe)”.

“Con carácter previo á aprobación definitiva do instrumento de planeamento (momento da solicitude). Administración do Estado (ámbito da administración da solicitude). Cando no ámbito existan costas (condición que esixe o informe). Artigo 117.1 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas (norma que esixe o informe)”.

6ª.-En conclusión, resulta claro, en aplicación da normativa citada, esencialmente a normativa de costas, xa que o anexo do Decreto 143/2016 *“límitase”* a recoller a previsión da normativa sectorial, que a resposta correcta é a letra “a”, *“Antes da aprobación inicial e antes da aprobación definitiva”*, polo que a alegación debe ser desestimada.

Así, pois, é polo que, de conformidade co exposto e do establecido nas bases que rexen o procedemento de selección, o Tribunal Cualificador por unanimidade dos membros presentes,

ACORDA:

Primeiro: Desestimar a alegación presentada referida á pregunta 55 do primeiro exercicio do procedemento selectivo.

Segundo: Facer público o presente, mediante a publicación do correspondente anuncio no taboleiro de anuncios electrónico, sendo o citado asinado pola presidenta e pola secretaria do Tribunal.

Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente

A presidenta,

Asd.: Dª Patricia García Varela

A secretaria,

Asd.: Dª Mª Loreto López Fernández